

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Febreiro 2010

### NOTA DE PRENSA

**En febreiro de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 3,7% e os dos bens importados aumentaron un 8,4%**

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 3,7% en febreiro de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 8,4%

No que vai de ano, os prezos dos bens exportados diminuíron un 4,8% e os dos bens importados medraron un 5,5%



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de intermedios foi do 6,2%. Os prezos dos bens de consumo e dos bens de equipo diminuíron un 8,2% e un 10,6%, respectivamente

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios aumentaron un 16,1%. Os prezos dos bens de consumo diminuíron un 6,1% e os dos bens de equipo un 10,7%.



## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>-3,7</b>	<b>-4,8</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>8,4</b>	<b>5,5</b>
Bens de consumo	-8,2	-7,9	Bens de consumo	-6,1	-3,7
Bens de equipo	-10,6	-10,3	Bens de equipo	-10,7	-9,5
Bens intermedios	6,2	2,0	Bens intermedios	16,1	9,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

## Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse unha diminución interanual do 1,5% para os países pertencentes á OCDE, do 5,1% para a UE-25 e do 5,2% para a Unión Económica e Monetaria. Os prezos dos bens con destino a países non pertencentes á OCDE diminuíron un 14,3%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 11,7% e os procedentes do resto de países un 2,1%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Febreiro 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	-5,2	-5,3	UEM	10,1	8,5
UE-25	-5,1	-5,0	UE-25	9,6	8,3
OCDE	-1,5	-3,1	OCDE	11,7	9,6
Resto de países	-14,3	-14,7	Resto de países	2,1	-2,4

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>